[PLG/MCPP]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos,** o día **3 de maio de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Carmen María Pomar Tojo (P)
(Presidenta)
Paulo Ríos Santomé (BNG)
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Cristina Campero Dorado
José Luis Ferro Iglesias
Julio García Comesaña
(en substitución de María Deza Martínez)
María Dolores Hermelo Piñeiro
Rubén Lorenzo Gómez
Argimiro Marnotes Fernández
Roberto Rodríguez Martínez
Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Alexandra Fernández Gómez
Noa Olalla Presas Bergantiños
(en substitución de Xosé Luís Bará Torres)
Montserrat Valcárcel Armesto
Sonia Vidal Lamas
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Paloma Castro Rey
Carlos López Font

Outros asistentes:
Patricia Iglesias Rey (S)

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e, logo de darlle a benvida aos novos deputados e deputadas que forman parte desta Comisión, rógalle ao señor secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución e as substitucións pertinentes. Logo da constatación deste, a señora presidenta comunica que Armando Ojea Bouzo xustifica a súa inasistencia a esta sesión e, deseguido, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Elección da Vicepresidencia da Comisión (artigos 41 e 36 do Regulamento da Cámara)
(12/CEEM-000013)

A señora presidenta informa que vacante a vicepresidencia, pola renuncia da súa titular, se procede á súa elección mediante votación nominal, que será secreta, mediante papeletas, nas que se debe escribir un só nome, e que o chamamento se efectuará por orde alfabética do primeiro apelido e resultará elixido ou elixida quen obteña maior número de votos.

Por conseguinte, ao estar distribuídas as papeletas correspondentes polos Servizos da Cámara, solicita do señor secretario da Comisión que inicie o chamamento das deputadas e deputados. Unha vez rematada a votación o resultado do escrutinio é o que se reflicte a seguir:

José Luís Ferro Iglesias (P) ..... 9 votos
En branco ..... 7 votos

Total de votos emitidos ..... 16 votos

En consecuencia, resulta elixido **vicepresidente** da Comisión 2.ª, Ordenación do Territorio, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**, José Luís Ferro Iglesias, do G.P. Popular de Galicia**, que pasa a ocupar neste intre o seu posto na Mesa da Comisión.

A continuación, pásase á tramitación do punto segundo:

Punto 2. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, conforme ao establecido na Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986

A señora presidenta pregunta aos membros da Comisión se están de acordo en aprobar a precitada delegación, nos termos establecidos no apartado 1 do acordo interpretativo aprobado pola Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986.

Non se manifesta ningunha obxección nin oposición ao respecto, polo que se entende **aprobada por asentimento** a devandita delegación (artigo 88 do Regulamento da Cámara).

PARLAMENTO DE GALICIA

A seguir, éntrase no desenvolvemento do punto 3:

A señora presidenta, comunica –previa conformidade cos voceiros e voceiras dos diferentes grupos parlamentarios–, un cambio de orde no debate destas iniciativas consistente en substanciar en terceiro lugar a PNC 1686 (3.5) e en quinto lugar a iniciativa que figura como terceira, 3.3 (doc. 1996).

Acto seguido, pásase ao debate da primeira iniciativa:

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 598 (12/PNC-000044)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e 4 máis
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central en materia de transporte ferroviario
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9, do 11.04.2024

A señora presidenta, logo de comunicar que a esta proposición non de lei se presentou unha emenda de supresión polo G.P. Popular de Galicia, doc. 2997, concédelle a palabra ao señor Rios Santomé (BNG), quen, previo abandono do seu lugar da Mesa da Comisión –de conformidade co establecido no artigo 82 do Regulamento da Cámara–, procede á formulación e defensa da iniciativa que insta o Goberno galego a demandar do Goberno do estado actuacións que deben realizar en materia de transporte ferroviario.

Na rolda do grupo parlamentario emendante, intervén o señor Trenor López (P), quen, expón diferentes consideracións a respecto da proposta formulada e amosa os motivos polos que o seu grupo presentou unha emenda de supresión.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante intervén o señor López Font (S), quen, logo de deixar constancia das súas argumentacións ao respecto, anuncia a abstención de voto do seu grupo á proposta formulada.

Na rolda de réplica o señor Rios Santomé (BNG), comenta as argumentacións dos anteriores intervenientes e expón diferentes consideracións a respecto da emenda presentada, que anuncia que non a van aceptar.

A seguir, pásase ao debate da segunda iniciativa:

3.2 698 (12/PNC-000060)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis
Sobre determinadas demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao

Goberno central e á Sareb co obxectivo de garantir o fin social das vivendas propiedade da devandita sociedade en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9, do 11.04.2024

A señora presidenta, previamente, comunica que a esta proposición non de lei se presentou unha emenda de substitución, polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, doc. núm. 2971), e deseguido, concédelle a palabra ao señor Marnotes Fernández (P), quen procede á formulación e defensa da iniciativa con ampliación das argumentacións expresadas por escrito e que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se refire.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a señora Fernández Gómez (BNG), quen expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e amosa os motivos polos que o seu grupo presenta unha emenda de substitución que espera sexa aceptada polo grupo propoñente.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante intervén o señor López Font (S), quen expón diferentes consideracións a respecto da proposta formulada e anuncia a abstención de voto do seu grupo.

Na rolda de puntualizacións o señor Marnotes Fernández (P) comenta as argumentacións das anteriores intervencións e salienta a posibilidade dun texto transaccionado coa texto da emenda do G.P. do BNG que se añadiría como engádega.

A continuación, pásase ao debate en terceiro lugar da quinta iniciativa:

3.5 **1686 (12/PNC-000200)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis
Sobre as accións que o Goberno galego debe desenvolver en relación coa promoción de vivenda pública na segunda fase do Polígono de Actuación Urbanística de Navia, en Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16f2, do 24.04.2024

Intervén a señora Fernández Gómez (BNG) para a defensa e formulación desta proposición non de lei que insta o Goberno galego sobre as accións que debe desenvolver en relación coa promoción de vivenda pública no Polígono de Navia (Vigo).

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios, para fixar o seu posicionamento intervén, en primeiro lugar, o señor López Font (S), quen, logo de expoñer as súas argumentacións ao respecto, anuncia o voto favorable do seu grupo á proposta formulada.

En segundo lugar, intervén o señor García Comesaña (P), quen, logo de expoñer diversas consideracións sobre as argumentacións das anteriores intervencións, salienta

que estarían dispostos a aceptar o punto primeiro do texto resolutivo da iniciativa coa engádega dunha emenda "in voce" consistente en subtituir "aló menos" por "do orde"e o punto terceiro, polo que solicita a votación separada por puntos do texto resolutivo da iniciativa.

Na rolda de puntualizacións a señora Fernández Gómez (BNG) non concorda coas argumentacións expostas polo voceiro do grupo maioritario, agradece o apoio amosado do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Seguidamente, pásase ao debate da cuarta iniciativa:

3.4 **1393 (12/PNC-000160)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que impulse un programa de educación ambiental, e con carácter transversal, nos distintos centros educativos de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024

A señora presidenta, logo de comunicar que a esta proposición non de lei se presentou unha emenda de substitución polo G.P. do BNG, doc. 2990, concédelle a palabra a señora Castro Rey (S), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa que insta o Goberno á elaboración dun programa de educación ambiental con carácter transversal nos centros educativos de Galicia.

Na rolda do grupo parlamentario emendante, intervén a señora Presas Bergantiños (BNG), quen, logo de expoñer as súas argumentacións ao respecto, amosa os motivos polos que o seu grupo presenta unha emenda de substitución, que considera mellora o texto resolutivo da proposta formulada.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes, intervén o señor Trenor López (P), quen expón diferentes consideracións sobre a proposta formulada, á vez que anuncia o rexeitamento do seu grupo.

Na rolda de puntualizacións a señora Castro Rey (S) comenta as argumentacións expostas polo voceiro do grupo maioritario e expón diferentes consideracións sobre elas, ao tempo que insiste na defensa da súa proposta coa aceptación da emenda de substitución do G.P. do BNG.

Finalmente, pásase ao debate en quinto lugar da terceira iniciativa:

3.3 **1196 (12/PNC-000126)**
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno

PARLAMENTO DE GALICIA

de España co obxecto de que dote economicamente os concellos para que poidan cumprir a obriga legal de elaborar un censo de instalacións con amianto

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024

A señora presidenta concédelle a palabra á señora Hermelo Piñeiro (P), quen procede á formulación e defensa desta proposición non de lei que insta o Goberno galego a demandar do Goberno do estado dotación económica para os concellos galegos co fin de cumprir a obriga legal de elaborar un censo de instalacións e emprazamentos con amianto e establecer un calendario para a retirada destes residuos.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento, fan uso da palabra: a señora Castro Rey (S) e o señor Ríos Santomé (BNG); ambos intervenientes deixan constancia das súas argumentacións co pronunciamento favorable do voceiro do G.P. do BNG e a abstención de voto da voceira do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Ao esgotarse o debate das iniciativas, a señora presidenta dá paso ao trámite das votacións pola orde na que figuran na convocatoria e cos resultados que se reflicten a seguir:

1)Iniciativa, **doc. 598 (12/PNC-000044), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego**; Sométese a votación separada dos puntos 1,2 e 3 -solicitada polo señor Trenor López e aceptada polooo señor Ríos Santomé- e resulta **aprobada con modificacións** a respecto do texto orixinal:

-Puntos 1, 2 e 3, que resultan **aprobados pola unanimidade** dos 16 deputados e deputadas presentes con dereito a voto.

-Punto 4, que resulta **rexeitado**, por:

. votos a favor ..... 5 (BNG)
. votos en contra ..... 9 (P)
. abstencións ..... 2 (S)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a demandar do Goberno do Estado as seguintes actuacións en materia de transporte ferroviario:

1. Restituír as liñas e itinerarios eleminados nos últimos anos antes de rematar o ano 2024.
2. Ampliar a cobertura dos servizos ferroviarios en todo o país, especialmente nos territorios en que non existe este servizo.
3. Rematar co déficit histórico de investimento en infraestruturas e modernización no ferrocarril, comprometendo partidas orzamentarias especificas nos vindeiros OXE.»

PARLAMENTO DE GALICIA

2) Iniciativa, **doc. 698 (12/PNC-000060), do G.P. Popular de Galicia.** Sométese a votación e resulta **aprobada** sen modificacións por:

. votos a favor ..... 14 (P+BNG)
. votos en contra 0
. abstencións ..... 2 (S)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e que solicite á Sareb (Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria):

1º. A inclusión de Galicia no Programa Viena para a construción de vivenda en alugueiro.

2º. Que as vivendas propiedade desta sociedade en Galicia se destinen a usos sociais coa súa cesión gratuíta á Xunta de Galicia, que deberán integrar as vivendas cedidas no parque público de vivenda en alugueiro que xestiona o IGVS. Cederanse á Xunta as vivendas que se atopen en condicións adecuadas para o seu uso ou que precisen pequenas reparacións e non se atopen en ningún tipo de situación legal que impida o seu alugueiro unha vez cedidas.»

3) Iniciativa, **doc. 1196 (12/PNC-000126), do G.P. Popular de Galicia**. Sométese a votación e resulta **aprobada** sen modificacións por:

. votos a favor ..... 14 (P+BNG)
. votos en contra 0
. abstencións ..... 2 (S)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a exixir ao Goberno de España que dote economicamente os concellos para que poidan cumprir coa obriga de elaborar un censo de instalacións e espazos con amianto e establecer un calendario para a retirada destes residuos.»

4) Iniciativa, **doc. 1393 (12/PNC-000160), do G.P. dos Socialistas de Galicia**, aceptada a emenda de substitución do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, doc. 2990, sométese a votación este texto que resulta **rexeitado** por:

. votos a favor ..... 7 (S+BNG)
votos en contra ..... 9 (P)
. abstencións 0

PARLAMENTO DE GALICIA

5)Iniciativa, **doc. 1686 (12/PNC-000200), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego;** sométese a votación a transacción acada coa emenda in voce do G.P. Popular de Galicia por puntos, logo da súa aceptación pola propoñente, e resulta **aprobada con modificacións** respecto do texto orixinal:

-Puntos 1 e 3, **aprobados pola unanimidade** dos 16 deputados e deputadas presentes con dereito a voto.

Punto 2, **rexeitado** por:

. votos a favor ..... 7 (S+BNG)
. votos en contra ..... 9 (P)
. abstencións ..... 0 (S)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

1. Ampliar a porcentaxe de vivendas de promoción pública previstas en cada unha das etapas na 2ª fase do PAU de Navia, de forma que responda á actual demanda acreditada no Rexistro de Demandantes de Vivenda e garantindo que arredor do 50 por cento da vivenda protexida prevista sexa de promoción pública en alugueiro.

2. Definir unha estratexia de diversidade e flexibilidade tipolóxica da edificación e da vivenda que responda á diversidade social da cidade e á vontade de tecer un barrio con maior mestura social e espazos de interacción social, para as novas vivendas que se proxecten.»

A señora presidenta agradece a todos os asistentes a súa colaboración cos traballos da Comisión e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:15 horas.

(Achégase a esta acta como anexo as papeletas emitidas para a elección da vicepresidencia -votación do punto 1-.

Carmen María Pomar Tojo

Firmado digitalmente por Carmen María Pomar Tojo
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Carmen María Pomar Tojo, email=carmen.pomar.tojo@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.05.23 13:29:58 +02'00'

Carmen María Pomar Tojo
Presidenta da Comisión

Paulo Ríos Santomé

Firmado digitalmente por Paulo Ríos Santomé
Fecha: 2024.05.23 12:56:47 +02'00'

Paulo Ríos Santomé
Secretario da Comisión